

SAMAÍN, 2018

MATERIAIS



CONTOS DE MEDO... OUI NON

MANUALIDADES




 EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO



CEIP de GALÁN
OSEIRO-ARTEXO (A Coruña)

 Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RELATOS

A PANTASMA DOS MEUS AVÓS.....	3
O GATO DE CARMELA	4
CAMPAMENTO TERRORÍFICO	5
O CAN PANTASMA	6
A PEQUENA ERNESTA.....	7
UNHA CABAZA VOU FACER.....	8
SOÑO OU REALIDADE	9

MATERIAIS DE PLÁSTICA

TRES EN RAIA	11
UNHAS SOMBRAS... DE MEDO!	12
CATRO PINS ARREPIANTES	13
UNHA GRILANDA DE CABAZAS	14
UNHA GRILANDA DE ARAÑAS	15
UN MONICREQUE CON VASOIRA	16
UNHA BRUXA CHURRUSQUEIRA	17
UN MORCEGO	18
UNHA CAVEIRA CON FORTES MANDÍBULAS	19
UN ANTEFACE DE BRUXA	20
QUE CARA TEN A BRUXA?	21
A MANDALA DO ESQUÍO E A LANDRA	22
COMO FALA ESTA CABAZA	23
QUE LLE FALTA AO MORCEGO	24
O CASCO DE PELOURIÑO	25
A ARAÑA PELUDA	26
CADA ARAÑA NO SEU SITIO	27
MONTAMOS UNHA CABAZA?	28
UNHA CAIXIÑA DE CABAZA	29



Hai moito tempo na casa dos meus avós había unha pantasma que era moi traste, pola noite saía da súa cama e berraba:

-Huuuuuuuu!

Despois roubaba todas as galletas e os meus avós quedaban todos os días sen almorzar.



Fai un debuxo de como te imaxinas a pantasma da casa dos meus avós.

1.- Onde vivía a pantasma?

2.- Cando saía da súa cama?

3.- Que alimento era o que roubaba a pantasma?

4.- Como quedaban os meus avós todos os días?



Por fin chegou a noite de Samaín! Xa está todo preparado na praza do pobo para o concerto do meu amigo «CASIMIRO». Comeza en tres, dous, un...


- XA ESTAMOS AQUÍ!

Mestúrase o son da gaita co asubio do aire, as luces cos lóstregos, o ritmo da batería cos tronos... A noite dá medo, as luces apáganse, o meu amigo non se escoita... Agora si! Agora non!

- Qué está pasando aquí? Será unha pantasma?

- Imos ver! Non pode ser! ha, ha, ha,...

- MIRA TI A PANTASMA! O gato de Carmela dándolle co rabo aos cables da luz enriba dunha árbore!.



Describe como cres que será o gato de Carmela.

1.- De quen é o concerto? Qué instrumentos se tocan no recital?

2.- Quen pensaba que había unha pantasma?

3.- Quén era en realidade?



Hai uns anos, nun campamento, os monitores mandaran unha nota misteriosa aos seus campistas, citándoos ás doce da noite na cabana de madeira abandonada que había no bosque. Sorprendidos os campistas acudiron para ver de que se trataba e ao chegar estaban un pouco asustados, ao entrar atoparon un cadaleito e moitos morcegos voando polo ceo. De súpeto, do cadaleito saíu un vampiro e os campistas botaron a correr.

Na seguinte habitación había unha estatua dun zombie e dúas pantasma ao seu redor. Os campistas, aterrorizados, comezaron a berrar e o zombi, que non era unha estatua, sacou a máscara e comezou a rir:

– Ha, ha, ha...

O zombi, o vampiro e as pantasma eran os monitores e esta cita... era unha festa de Samaín!

Agora elabora ti unha invitación para unha festa de Samaín, non esquezas os elementos máis importantes deste tipo de nota: día, hora, vestuario, agasallos...



Era unha noite escura de inverno, eu estaba durmindo na casa da miña avoa, cando de súpeto espertoume un ruído moi forte. Levanteime amodiño e baixei polas escaleiras e abrín a porta de fóra. Tremía co medo que tiña, cando de súpeto apareceu unha pantasma diante miña.

Quedei paralizado, a punto de caer deitado. Nese intre escoitei a niña avoa berrar:

-Tobi, qué fas coa saba do tendedeiro na cabeza?

E Tobi ladrou «guau, guau, guau», movendo o rabo.

1.- Tobi era a mascota da avoa do noso protagonista, qué coidados crees ti que necesita este can?

2.- Inventa ti outro final para esta historia.



Era unha das moitas cabazas que o señor campesiño tiña plantadas no seu campo. Chamábase Ernesta e era a máis pequena de todas as cabazas.

Un día o señor campesiño recolleu a Ernesta e guindouna no lixo porque era moi pequena e non lle ía servir para nada.


Ernesta non o podía crer, aquel acto tan cruel púxoala tan tristeira e furiosa que o seu aspecto cambiou.

Nesa terra cariña aparecéronlle cicatrices e o seu sorriso transformouse nunha boca terrorífica.



A partires dese día, Ernesta aparece todas as noites de Samaín para asustar aos fillos do señor campesiño.

Cando el se decatou, entendeu con tristura que non debía ter tratado así a Ernesta. Aínda que fora pequena merecía o mesmo trato que as demais, pero xa era moi tarde. Ernesta aínda segue solta.

Tede coidado con ela!!!



1.- Debuxa á cabaza Ernesta antes e despois de que fora guindada ao lixo.




Unha cabaza vou facer
para o Samaín,
para darlle medo a todos,
que non se rían de min.
Tan medrenta vou facela,
que medo dará collela.

Na horta da miña avoa
hainas grandes e pequenas
algunhas son de cor verde,
e outras son alaranxadas.
Vouna coller con espullas
dun ton alaranxado
para meterlle o medo
a un morcego no tellado.

Cun coitelo ben afiado
buratos ben grandes vou facer
con xeitiño de non mancarme
porque sei que vai doer.

Candea prendida
e sangue de mentira
abraiados quedarán
os gatos, os ratos e os cans.

O que queira que se ría,
coa axuda da miña nai
fixen un conto poesía.



FAI UN DEBUXO RELACIONADO CO TEXTO. COLOREA



Como sempre, meus avós e máis eu, fomos regar as plantas que había na leira: leitugas, acelgas, pementos, cabazas...

Comezamos a regar e parecía que algo se movía cando nos dabamos a volta. Todo moi misterioso.

Acabamos de regar á beiriña da noite e fomos cear.

Cando iamos para a cama, oímos ruídos raros na leira. Eu morría de medo: oímos risas e un gran balbordo.

Miña avoa díxome:

-Hoxe é «jaloguín», imos á fiestra e miramos coa luz apagada.

Así o fixemos e, de súpeto, oímos como se algo estivese bailando. E si, era así. As cabazas estaban bailando. Eu non podía pestanexar. Era asombroso velas bailar. Nunca vira algo así.

Alí quedamos toda a noite ata que quedamos durmidos.

Pola mañá, cando as raiolas do sol nos deron na cara, espertamos e... que pensades vós? Foi un fermoso soño ou foi realidade?

FAI UN DEBUXO RELACIONADO CO TEXTO. COLOREA

1.- Localiza nesta sopa de letras o nome de catro plantas que tiñan plantadas na leira os avós de Andrea.

Q	P	C	A	B	A	Z	A	S	L	H
Z	I	U	L	E	I	T	U	G	A	S
A	C	E	L	G	A	S	B	V	C	T
E	R	P	E	M	E	N	T	O	S	Q





**DEZANOVE
MATERIAIS
DE PLÁSTICA
PARA
INFANTIL E PRIMARIA**



TRES EN RAIA





Colorea os debuxos e o taboleiro. Recorta as fichas... e a xogar ao tres en raia!



LINHAS SOMBRA... DE MEDO !






Pinta de negro os gatos. Recórtaos e pégalles unha palliña por detrás.



CATRO PINS ARREPIANTES



Colorea os debuxos. Recórtaos e pégalles unha pinza pequena pola parte posterior.



LINHA GRILANDA DE CABAZAS





Colorea as cabazas, recórtaas, pégaas nun fío e xa tes a túa grilanda de cabazas para o Samaín.



LINHA GRILANDA DE ARAÑAS




Colorea as arañas, recórtaas, pégaas nun fío e xa tes a túa grilanda de arañas peludas para o Samain.



UN MONICREQUE CON VASOIRA




Colorea o monicreque, recórtao, pégallo un paño pola parte posterior, xunta e pega as dúas partes e... a xogar!!!



LINHA BRUXA CHURRUSQUEIRA




Colorea a bruxa, recórtaa, pégalle un paño pola parte posterior, xunta e pega as dúas partes e... a xogar!!!



UN MORCEGO




Pinta de negro as ás do morcego, as orellas e o cilindro do papel hixiénico. Recorta as ás, os ollos e as orellas do morcego. Pégaas sobre o cilindro negro e debúxalle a boca.



LINHA CAVEIRA CON FORTES MANDÍBULAS



Recorta a caveira e os dous rectángulos. Encarta polas liñas discontinúas formando a boca. Pégalle os dous rectángulos-asa na parte posterior de A e B. Coloca as asas na man e xa podes mover a mandíbula da caveira.



UN ANTEFACE DE BRUXA




Colorea o anteface, pícalle os ollos, recorta, pica os furadiños e colócalle unha goma. Xa tes o teu anteface de bruxa!



QUE CARA TEN A BRUXA ?



Sera unha bruxa guapa ou fea? Risoña ou tristeira? Ollos grandes ou ollos pequenos? Rubia ou morena? Nariz grande ou pequeno?... Todo depende de ti.



A MANDALA DO ESQUIÓ E A LANDRA




Mira que dá voltas o esquió! Voltas e voltas e non dá chegada a casa e o pobre vai cargado cunha fermosa landra. Que traballo! Atrévete a darlle color?



COMO FALA ESTA CABAZA!



Colorea e recorta a cabaza e os dous rectángulos. Encarta polas liñas discontínuas formando a boca. Pégalle os dous rectángulos-asa na parte posterior de A e B. Coloca as asas na man e xa podes mover a boca da cabaza.



QUE LLE FALTA AO MORCEGO?




O pobre morcego perdeu unha parte do seu corpo. Serías quen de averiguar a peza que lle falta, recortala e pegala no seu sitio?



O CASCO DE PELOURIÑO





Pelouriño anda cun casco de meter medo. Fáltalle a metade. Poderás completalo e colorealo?



A ARANHA PELUDA





Sigue o modelo da parte inferior, vai contando os quadros e completa a metade da aranha que falta na parte superior.



CADA ARAÑA NO SEU SITIO





Recorta as arañas da parte inferior. Conta os círculos de cada unha delas e pégaas no número que lle corresponda.



MONTAMOS LINHA CABAZA?



Recorta os seis cadro da parte inferior e monta a cabaza seguindo o modelo da dereita.



LINHA CAIXIÑA DE CABAZA



Colorea, recorta, dobra pola liña discontínua e engancha as dúas partes polos cortes sinalados.

